

Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidad de madeira aproveitada



Producción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requerida



Modelo silvícola RR

Mouteiras recreativas

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Apostia pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **reoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Apostia pola **trituración de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Mouteiras recreativas

Quercus spp. e Castanea spp.

MODELO SILVÍCOLA RR

Compatibilizar o uso público coa adecuada protección e xestión do sistema forestal

1 DENSIDADE

- O marco de plantación buscará un distanciamento das árbores en estado alto fuste mínimo de 7 m. A separación das cociñas e do arborado será como mínimo de 3 m, en particular no caso de áreas recreativas.

2 MANTEMENTOS

- Rozas frecuentes de matogueira e sega de especies herbáceas nunha distancia de 50 m arredor das áreas recreativas e no seu interior.
- Zonificación:** aplicable aos montes periurbanos e a mouteiras onde a actividade recreativa sexa especialmente relevante ou ás propias áreas recreativas establecidas en terreo forestal.



Máis información
do modelo

MODELO SILVÍCOLA RR

ESPECIE: todas as especies forestais. A miúdo tratarase de arboretos ou áreas recreativas

OBXECTIVO: xestión que compatibilice o uso público coa adecuada protección e xestión do sistema forestal

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais

3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- Podas:** a distancia entre pés será, como mínimo, de 7 m. Podas ata asegurar que o 35 % da altura da árbore estea libre de ramas.
- Desmestas:** nas áreas recreativas buscarase acadar os 7 m de separación entre árbores. Nas mouteiras recreativas procurarase manter niveis baixos de densidade, mediante aplicación de desmestas.
- Rareas:** as rareas poderán ser selectivas en función das especies forestais presentes.

4 CORTAS DE REXENERACIÓN

- Idade de corta:** a idade de corta final será definida por cuestión de seguridad e de lonxevidade natural das especies presentes.
- Cortas de rexeneración:** sempre selectivas, evitando as cortas a feito.